

== NARCOTRÁFICO


A Axencia Tributaria ofrecerá en outubro o primeiro paquete do patrimonio comisado ó clan de Vilanova, taxado en oito millóns. Inclúe o pazo de Vista Real, valorado en máis de 2 millóns, pisos de luxo, garaxes, baixos e unha decena de bateas

Os bens dos Charlíns saen a poxa

E.P.
A CORUÑA

A Axencia Tributaria poxará en outubro un primeiro paquete de bens comisados pola Audiencia Nacional ó clan dos Charlíns, tras a súa comunicación oficial a través do *Diario Oficial de Galicia (DOG)*, segundo informou este mércores a Delegación Especial da Axencia Tributaria en Galicia. A poxa, cun valor de tasación próximo ós 8 millóns de euros, realizarase en varios lotes os días 5, 6, 13, 14 e 19 de outubro. En datas posteriores poxaranse o resto de bens comisados das empresas, "unha vez que se rexisten conforme á legalidade", sinala a Axencia Tributaria nun comunicado.

A poxa celebrarase no salón de actos da Delegación Especial da Axencia Tributaria de Galicia, na Coruña. Dos bens que se poxarán, o máis coñecido é o Pazo Vista Real, en Vilanova de Arousa (Pontevedra), que está valorado inicialmente en máis de 2 millóns de euros. Ademais, figuran dous pisos de luxo na praza de Barcelos, en Pontevedra, dúplex e áticos con vistas ó mar na praia das Sinas (Vilanova de Arousa), 32 garaxes, baixos e varias leiras, ademais de case unha ducia de bateas. As propiedades saíran en pequenos lotes,



O Pazo de Vista Real, situado en Vilanova de Arousa, está valorado en máis de dous millóns de euros

Todos os inmobles saíran en pequenos lotes co obxectivo de favorecer a concorrencia da cidadanía

por piso e garaxe por garaxe, co obxectivo de favorecer a concorrencia da cidadanía. Os bens poxaranse tras a sentenza ditada en xaneiro de 2003 pola Sala do Penal da Audiencia Nacional, que condenou a membros deste clan por un delito continuado de branqueo de capitais procedentes do tráfico de drogas e

que decretou o comiso dunha serie de bens.

Na mesma sentenza nomeáanse administradores xudiciais das empresas a funcionarios da Axencia Tributaria. En xullo de 2008, a Audiencia Nacional ditou un auto que ordenou que se iniciase o proceso de disolución e liquidación das empre-

sas intervidas. A Axencia Tributaria designou, daquela, tres funcionarios para que actuasen como liquidadores dos bens que foron comisados. Posteriormente, procedeu a identificar e rexistrar os bens comisados para o seu posterior anuncio e poxa que se producirá, finalmente, en outubro.

Manuel Charlín Gama, o patriarca do denominado clan dos Charlíns, saíu do cárcere o pasado 17 de xullo, tras permanecer dúas décadas en prisión por delitos vinculados ó narcotráfico e ó branqueo de diñeiro. Só dous días despois, ó luns seguinte, Charlín Gama, de 78 anos de idade, tivo que ir declarar nos xulgados de Vilagarcía de Arousa en relación á súa imputación na operación *Repesa* e viuse na obriga de aboar unha fianza de 30.000 euros para eludir novamente as reixas.

Esta última operación vinculada ó clan dos Charlíns permitiu o embargo de 58 inmobles valorados en máis de 12 millóns de euros e o bloqueo de 3 millóns de euros en varias contas en entidades suízas. Foron detidas un total de catorce persoas, incluídos catro dos seis fillos do patriarca e dúas netas, mentres que foron imputados tanto Manuel Charlín Gama –que nese momento aínda estaba no cárcere–, como a súa esposa e a súa filla Josefa, que continúa en prisión. ●



CAMBADOS BRINDA COS MELLORES ALBARIÑOS

Os mellores caldos de 43 adegas amparadas pola D.O. Rías Baixas regarán as rúas de Cambados ata o vindeiro domingo no marco da LVIII Festa do Albariño, inaugurada onte polo conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez (na foto, segundo pola dereita). Tras a visita ás 42 casetas situadas no Paseo da Calzada, Juárez subliñou que esta é a primeira Festa do Albariño que se celebra tras a aprobación da normativa sobre etiquetaxe que "evita a confusión no consumidor e anula a posibilidade de que algúns se aproveiten do bo nome e do incansable traballo na mellora da calidade que fixeron denominacións de orixe como Rías Baixas". O conselleiro

mostrou o seu desexo de que "que o nome do albariño non se utilice de xeito impropio" e emprazou o ministerio para desenvolver unha normativa similar de ámbito español. Na inauguración da LVIII Festa do Albariño, Juárez estivo acompañado neste acto polo alcalde deste concello pontevedrés, Luis Aragunde, polo delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, e polo presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, cos que realizou un brindado. Ademais das degustacións, este sábado e domingo celebrarase a cata dos viños Rías Baixas, da que saíran os premios ós mellores albariños. ● FOTO: SALVADOR SAS/EFE

RESULTADOS ■ Rusia, Francia, Polonia e Alemaña son os principais mercados do produto

A acuicultura galega continental duplica as súas exportacións

O sector da acuicultura continental galega conseguiu durante o primeiro cuatrimestre deste ano duplicar o valor das súas exportacións, en comparación co mesmo período de 2009, segundo os datos publicados polo Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX). En total, máis de 2.000 toneladas de troita foron exportadas dende Galicia, sobre todo a países europeos. En relación a 2009, o aumento da troita exportada ascende a máis de 430 toneladas, o que supón un aumento das exportacións de case un millón de euros.

Segundo a presidenta de Atrugal, Luz Arregui, este aumento do nivel das exportacións "representa unha gran noticia" para a acuicultura continental galega, posto que resaltou a "situación de desigual-

dade" fronte ao resto de comunidades polo canon de saneamento. O importe total das exportacións de troita galega neste primeiro cuatrimestre ascendeu a máis de 2 millóns, de forma que duplica as transaccións do ano anterior. Tendo en conta o descenso do prezo da troita pola introdución no mercado da turca –subvencionada e contraria á lexislación europea– este dato aínda adquire máis importancia, segundo resaltou o sector. Entre os países importadores destaca Rusia, que adquire practicamente a metade do total das exportacións. A continuación sitúanse Francia, Polonia e Alemaña, países produtores pero que incorporan troita galega ao seu mercado pola calidade das augas dos ríos de Galicia. ● PENACCIÓN